



ACONTECEMENTOS DO ANO

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *El Metropolitano* e *Mariñán*.

4-29 de xaneiro de 2012

Puido contemplarse no edificio Liceo a exposición documental titulada «Galicia en foco, o fotoxornalismo galego» na súa XXII edición, organizada polo Club de Prensa de Ferrol.

5 de xaneiro de 2012

Celebrouse a tradicional Cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade. A organización correu a cargo do Concello.

7 de xaneiro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar un Festival Folclórico organizado pola Asociación Cultural Santo Domingo «As Garelas de Betanzos», coa colaboración do Concello.

Xaneiro de 2012

A betanceira, D^a Juana Castro Martínez cumpriu neste mes cen anos, polo que o alcalde, D. Ramón García e varios concelleiros entregáronlle por este motivo unha placa conmemorativa e un ramo de flores.

Xaneiro de 2012

A Policía Local de Betanzos recibiu un vehículo equipado con radar, que foi donado pola Dirección Xeral de Tráfico.

1-16 de febreiro de 2012

Na sala de exposicións do edificio Liceo puido contemplarse a exposición de óleos e acuarelas de Santiago Tato Vidal (A Estrada, 1970).



Febreiro de 2012

Nos sábados deste mes desenrolouse na Aula de Cultura o *III Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos*, que contou coas representacións seguintes: «Catro corazóns con freo e marcha atrás» pola compañía *Taller de Teatro Clámide* de Vilagarcía de Arosa; «RRHH (o método)» pola compañía Asociación Teatral *O Aturuxo de Melpómene*, de Narón; «Electra» pola compañía *Noite Bohemia* da Coruña; «A verdadeira historia do corazón reloxo» pola compañía *Trécola Teatro* de Ourense. O programa completouse con dous obradoiros sobre recursos cómicos, que tiveron lugar no antigo Teatro Alfonso.

10 de febreiro de 2012

No IES As Mariñas organizouse unha charla do vulcanólogo Francisco Anguita orientada ós alumnos do centro.

14 de febreiro de 2012

O xefe territorial de Educación, D. Indalecio Cabana, visitou o centro educativo Vales Villamarín, na súa visita estivo acompañado do alcalde, D. Ramón García e o director do centro, D. Andrés Otero, así como de dous representantes da Asociación de Pais de Alumnos (ANPA) Brigantium.



17-29 de febreiro de 2012

Puido contemplarse no edificio Liceo a exposición de óleos de Fina Maroño Castiñeiras.

17 de febreiro de 2012

Presentouse no edificio Liceo o libro de Xulio López Valcarce «O escano baleiro. No Courel con Uxío Novoneyra». O acto foi presidido polo alcalde, D. Ramón García, e nel participaron o editor, Tucho Calvo e o director do Anuario Brigantino, Alfredo Erias.

19-22 de febreiro de 2012

Desenvolveuse ó longo destes días o programa de festexos de Antroido elaborado polo concello, con bailes, festas infantís e, como vén sendo habitual, rematou co Enterro da Sardiña.

27 de febreiro de 2012

A betanceira, D^a Julia Vía da Torre, foi homenaxeada no seu 101 cumpreanos polo alcalde, D. Ramón García e a concelleira de Servizos Sociais, D^a María Barral, quenes lle entregaron unha placa conmemorativa.

Marzo de 2012

Nos domingos deste mes celebráronse as marchas populares «Betanzos en Bici», organizadas polo *Club Caimanes* de Betanzos coa colaboración do concello.

5-11 de marzo de 2012

Veu celebrándose ó longo destes días a iniciativa «Tapea cocido por Betanzos», que desenrolaron varios bares e restaurantes da localidade, sorteándose entre os participantes unha viaxe a Mallorca.

Marzo de 2012

Ó longo deste mes celebrouse no edificio Liceo o Ciclo de Conferencias do Anuario Brigantino, coordinado por Alfredo Erias. A primeira foi a titulada «Transformaciones del Convento de San Francisco de Betanzos desde el s. XIV al XVI», a cargo da arquitecta, Marta Colón Alonso. A segunda, «Noticias y documentos acerca de la evolución de la historia de la enseñanza en Betanzos: Antiguo Régimen s. XIX», polo profesor, José Manuel Domínguez García. A terceira, «O centro histórico de Betanzos» impartida polo profesor de arquitectura, José Manuel Vázquez Mosquera. Rematouse o ciclo o director da revista *Restauro*, Juan María García Otero, titulada «A economía da cultura: como facer de Betanzos unha cidade cultural do século XXI». As conferencias foron gravadas e subidas a internet.

10 de marzo de 2012


Tivo lugar a «VIII Xuntanza de Labores Artesanais», organizada polo Concello de Betanzos e as Mulleres da Condesa. Foron máis de catrocentas artesanais de diferentes colectivos as que participaron na xuntanza.

10-11 de marzo de 2012

Celebrouse na praza García Irmáns o mercado de oportunidades «Mercabetanzos», que foi organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE) en colaboración co Concello.

11 de marzo de 2012

Tivo lugar no edificio Liceo a entrega do *IV Premio Úrsula Meléndez de Texeda*, en recoñecemento da labor en favor da igualdade entre homes e mulleres, organizado polo Concello de Betanzos. Este ano recaeu na profesora Dona María del Carmen González Madrid, única muller docente na primeira promoción do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos.



Arume

César



11 de marzo de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación de «Memorias das memorias dun neno labrego», interpretada pola compañía *Abrapalabra Creacións Escénicas*, organizada polo Concello dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

Marzo de 2012

Os clientes do Mercado Municipal de Betanzos nunha campaña organizada pola Xunta coa colaboración do Concello, elixiron a M^a del Carmen Delgado Corral e ó seu irmán Manuel como os mellores pranceiros do ano 2011.

16 de marzo de 2013

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto de «Música do Cine» a cargo da Orquestra Sinfónica de Melide, e patrocinado pola Deputación da Coruña.

Marzo de 2012

Neste mes o Espazo Xove de Betanzos recibiu a visita de rapaces de diferentes países do



mundo, dentro dun programa de mobilidade xuvenil da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia. Algúns deles foron recibidos pola vicepresidenta da Deputación, D^a María Dolores Faraldo.

23 de marzo de 2012

Foi nomeado Presidente do Consello de Estado D. José Manuel Romay Beccaría, cargo que xa desempeñara no ano 2003, en recoñecemento á súa longa carreira política.

24 de marzo de 2012

Visitou Betanzos a caravana de *Mr. Misto Films* co proxecto de Galego de Cine, dirixido ós nenos no que se puideron visionar contidos audiovisuais producidos en Galicia en galego, así como realizar diversas actividades de comprensión de filmes, construción dun conto e vídeo-matón. Foi organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración co Concello de Betanzos.

30 de marzo de 2012

Foi inaugurada a Gardería de Betanzos no Carregal polo presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijoo, quen estivo acompañado da conselleira de educación, D^a Beatriz Mato, a vicepresidenta da Deputación, D^a María Dolores Faraldo, a delegada provincial, D^a Belén do Campo, e o xerente do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, D. Roberto Rodríguez. Foron recibidos polo alcalde, D. Ramón García e varios concelleiros.



31 de marzo de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Iliria», interpretada pola compañía *Elefante Elegante*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

1-15 de abril de 2012

Puido contemplarse no edificio Liceo a exposición de óleos de Honorina García Fernández.



3 de abril de 2012

Faleceu D. Marcelino Álvarez López «Maíno», persoa moi vencellada ás institucións culturais betanceiras. Foi autor de libros como «Contos de onte», publicado polo Concello ou Rondallas Brigantinas: 25 años de la Agrupación Musical «Carlos Seijo», así como de diversos artigos. Foi profesor no Instituto Francisco Aguiar de Betanzos e tamén colaborador destacado na Cruz Vermella de Betanzos. Lembrámolo con agarimo.

1-6 de abril de 2012

Ó longo destes días desenroláronse os actos de Semana Santa, organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos, que deron comezo coa lectura do pregón polo director de Cáritas A Coruña, D. Vicente Iglesias Martelo. Novidade deste ano foi o novo paso da Burriña, que saíu o Domingo de Ramos.

9 de abril de 2012

Presentou a dimisión como concelleiro do BNG de Betanzos, D. Xosé Vales Fernández.

13-14 de abril de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a «I Xornada de formación e sensibilización sobre a atención á diversidade» organizada polo CEIP Fco. Vales Villamarín, ANPA Brigantium, Concello e CEFOR.

14-15 de abril de 2012

Celebrouse nestes días a Copa de España de Piragüismo en pista, en Pontevedra, onde o Club Ría de Betanzos acadou cinco medallas. Carlos Arévalo fíxose coa vitoria en K1 e en K2 facendo parella con Javier Benito Rey; Tono Campos acadou un segundo posto en C1 e un primeiro en C2 con José M. Sánchez; Xosé Vales e Alejandro Fraga lograron un bronce en C2.

16 de abril de 2012


O centro Pai Menni acolleu as Xornadas sobre Discapacidade Intelectual, nas que participaron, entre outros, os profesores Mabel Marijuán e Íñigo Marzábal, da Universidade do País Vasco.

16-29 de abril de 2012

Puido contemplarse no edificio Liceo a exposición de pirogravados de Juan José Pita Martínez.

19 de abril de 2012

Na Fundación Juana de Vega, en Oleiros, presentouse o libro «Variedades de vid de interés comercial para la zona vitícola de Betanzos», onde se recollen os resultados da investigación sobre o «Branco Lexítimo» e o «Agudelo» e a súa inclusión no Rexistro de Variedades Comerciais. Participaron: a Fundación Juana de Vega, o CSIC, a Misión Biolóxica de Galicia e a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA). Falou o presidente da entidade, D. José Manuel Andrade; a investigadora do CSIC, D^a María del Carmen Martínez e o director de EVEGA, D. Ignacio Orriols.



21 de abril de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra «A filla de Woody Allen», interpretada pola compañía Santiago Cortegoso e organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

24 de abril de 2012

Asinou un convenio entre o Concello e o Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS), no que este organismo colabora no mantemento da Oficina Municipal de Rehabilitación.

29 de abril de 2012

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura o espectáculo «O señor das Dunas», dirixido ao público familiar. Esta programación forma parte da campaña de dinamización lingüística *falaRedes*, organizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración co Concello de Betanzos.



César

Maio de 2012

Ó longo deste mes levouse a cabo o Programa de actos das Letras Galegas, organizado polo Concello, que este ano estivo adicado a Valentín Paz Andrade. Para o seu desenvolvemento contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións municipais como o Museo das Mariñas co mes de portas abertas. Enrique Facal Vázquez e Lorenzo Sánchez Otero, alumnos da Grande Obra de Atocha, foron os gañadores do Concurso de Carteis do Día das Letras Galegas.

1 de maio de 2012

A Escola Municipal de Folclore realizou os Maíos na Praza do Campo.

3-16 de maio de 2012

Ó longo destes días desenroláronse os obradoiros de creación literaria organizados polo Concello e que estiveron a cargo do escritor, Miguel Anxo Fernán Vello. Leváronse a cabo nos centros educativos do IES As Mariñas, IES Francisco Aguiar e no CPR Nosa Señora do Carme «Atocha».



César

4-6 de maio de 2012

Celebrouse na praza do Campo a *XXVII Festa do Viño de Betanzos*, organizada pola Asociación de Colleiteiros do Viño de Betanzos. Deu comezo coa lectura do pregón a cargo do director de Marqueting de GADISA, D. Antonio Cortés Lobato, o programa completouse cunha conferencia sobre a variedade «Branco Lexítimo», impartida pola investigadora do CSIC, D^a María del Carmen Martínez.

9 de maio de 2012

Na madrugada deste día desprendeuse do convento das Agustinas unha imaxe de Deus Pai, que coroaba o pórtico da fachada desde o s. XVII. Está agora no Museo das Mariñas.



César

9-15 de maio de 2012

Ó longo destes días e dentro dos actos organizados polo Concello con motivo das Letras Galegas, tiveron lugar nos centros escolares betanceiros, sesións de conta contos «Os contacontos de Musicolín», «Vaia carapuchiña vermella», «As andanzas de Elías» e «Castañas e legañas», desenvolvidos pola compañía *Duende Sico*.

10 de maio de 2012

No edificio Liceo tivo lugar unha charla-concerto sobre a música tradicional e o jazz, a cargo do músico e profesor da Escola Municipal de Folclore de Betanzos, Pedro Lamas, quen contou coa colaboración dun grupo de alumnos da Agrupación Instrumental da Escola.

11 de maio de 2012

Celebrouse a partir deste día a I Semana da Pataca, unha iniciativa de máis de vinte establecementos que ofreceron pinchos con este produto.

12 de maio de 2012

Encadrado dentro dos actos organizados polo Concello con motivo da celebración das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura, un espectáculo de música, danza e poesía inspirado en Valentín Paz Andrade, titulado «Terceiros camiños», interpretado pola Compañía Iulius XIII.

17 de maio de 2012

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas presentouse na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo o libro «No regazo da noite estrelecida: Biografía apaixonada de Francisco Vales Villamarín», da autoría de José-Domingo Vales Vía. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García e a presentación correu a cargo do catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago e presidente da «Sociedad Española de Historia de la Educación», D. Antón Costa Rico.

Inaugurouse así mesmo a mostra documental «Betanzos xeográfico» organizada polo Arquivo Municipal e o Museo das Mariñas. Como remate dos actos tivo lugar un concerto da Coral Polifónica de Betanzos.



Veiga

17 de maio de 2012

No Cine Alfónsetti, e organizada pola OMIX do Concello de Betanzos, tivo lugar unha *Masterclass de blues* por conta do guitarrista e Director da Escola de Blues de Madrid, José Luis Pardo.

19 de maio de 2012

Dentro dos actos organizados polo Concello con motivo da celebración do das Letras Galegas, tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a representación da obra «Fidalgo», interpretada pola compañía *Casa Hamlet*.

20 de maio de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Menciñeiros», interpretada pola compañía *Volta e Dalle Teatro*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

21-25 de maio de 2012

Organizada polo Concello, celebrouse nos centros educativos betanceiros, a actividade «Da literatura ao cine» baseada na obra de Castelao por conta de Miguel Castelo.

25-27 de maio de 2012


Celebrouse no cine Alfónsetti e no edificio Liceo o «V Curso Internacional de Clarinete Cidade de Betanzos», a cargo dos profesores Juan Ferrer e Antonio Saiote (Portugal).

26 de maio de 2012

Na Aula de Cultura tivo lugar o acto de entrega dos premios do *III Concurso de carteis das Letras Galegas* e do *II Concurso de creación literaria*. Os gañadores das distintas categorías foron: Miriam Michaelsen, categoría infantil 2º ciclo; Evelynne Owona García, categoría infantil 3º ciclo; Icíá Rodríguez Arias, categoría xuvenil en ESO; Adrián Feijoo Sánchez, categoría xuvenil de bacharelato. Rematada a entrega de premios, Miguel Anxo Fernán Vello procedeu á lectura do manifesto «Vitaminas para o galego» e para rematar actuou o Grupo Azougue da Escola Municipal de Folclore.

27 de maio de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto en homenaxe ó compositor betanceiro, Carlos López García Picos, a cargo do Grupo Instrumental Siglo XX, organizado pola Asociación Galega de Compositores e polo Concello de Betanzos.



César

29 de maio de 2012

Na sesión do Pleno celebrado na Casa Consistorial tomou posesión como concelleira do BNG, D.ª María Otero García.

1 de xuño de 2012

No edificio Liceo tivo lugar Títirehop, un obradoiro de hip-hop para adolescentes, actividade da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

1-14 de xuño de 2012

Ó longo destes días puido contemplarse no edificio Liceo a exposición de gravado «Luminiscencias», do artista betanceiro, José Valentín.

16 de xuño de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto da Camerata Brigantina, organizado polo Concello de Betanzos, no que se lle rendeu un homenaxe ó compositor betanceiro Paco Casal, interpretando varias composicións da súa música.

Xuño de 2012

O colexio Vales Villamarín foi incluído dentro do programa *Abalar* da Xunta de Galicia, o que supuxo un aumento do material informático nas aulas e emprego de tecnoloxías de última xeración na comunidade escolar.

22 de xuño de 2012

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro titulado *Pinacoteca de los sueños rotos*, da poeta betanceira, Raquel Vázquez.

22-24 de xuño de 2012

Celebrouse no pavillón Municipal o VII Torneo de Fútbol Sala de Base Cidade de Betanzos, organizado polo Troula F.S.

23-24 de xuño de 2012

No campionato de Europa de piragüismo celebrado en Zagreb, o betanceiro Tono Campos, acadou a medalla de prata na proba C1 5000.



Parriente

25-30 de xuño de 2012

Celebrouse ó longo destes días o *V Campus de Verán Santo Domingo*, organizado polo Club de Baloncesto, no que participaron gran cantidade de nenos de toda a comarca.

30 de xuño de 2012

Na Praza da Constitución, organizado polo Concello, tivo lugar o *XV Encontro de Bandas de Música*, no que participaron a Banda Municipal de Padrón e a Banda Municipal de Betanzos.

4 de xullo de 2012

Inaugurouse no Centro Pai Menni a reforma integral das instalacións, para as que se contou coa axuda do Ministerio de Traballo, Xunta de Galicia e Fundación María Josefa Recio. Estiveron no acto de inauguración: o arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio, a conselleira de Traballo, D.ª Beatriz



César

Mato, a vicepresidenta da Deputación, D.ª María Dolores Faraldo, o bisneto do fundador, D. Jaime Lafora, a superiora xeral das Irmás Hospitalarias, D.ª Anabela Moreira e o alcalde, D. Ramón García.

5 de xullo de 2012

No edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro *As fontes no Concello de Betanzos*, do que son autores Xesús Torres e Antón García, editado pola Asociación Cultural Eira Vella. O acto de presentación correu a cargo de Felipe Senén.

6-8 de xullo de 2012

Celebrouse a *XV edición da Feira Franca Medieval*, que contou con diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais: expulsión dos leprosos, tributo das cen doncelas, queima da cidade, torneo medieval... A Feira deu comezo coa lectura do pregón a cargo da periodista betanceira, Lucía Tenreiro.

Pregón da XV Feira Franca Medieval

Como non vou acordarme daquela tarde en que volvemos a atoparnos? Dez días logo de San Xoán. Menos de dúas semanas despois das festas do San Pedro. Non creas, Meu Amor, que esas cousas esquécense.

A luz, entre avermellada e amarelada da tarde, reflectíase na túa faciana... E, aínda que cansa da miña primeira viaxe ás terras do Tormes, fun quen de compartir a túa ledicia naquela estrea de 1998. Sempre foras tan especial...!!!!

Crin, ao verte, que o noso estaba condenado a ser un romance de idas e vindas. Sentíame incapaz de darche algún día todo o que ti me deras a min e sen disposición para aguantarche o ritmo. Nin sequera a mirada.

Daquela, o mesmiño que agora, só sentía vergoña, desa vergoña pasmada que che adormenta ata sentir como se che afogase a alma. Daquela, quixen dicirche tantas cousas...! Mais non me saíu nada. nada. Pero entón ti dixéchesme que, aínda que nos volvésemos a distanciar, ti esperaríasmе. Empezaba a nosa historia de amor, a que sabemos ti e eu.

Para aló, para acá... Pero coa intención de acomodarme algún día no teu colo, escoitar como me falabas ao oído.

Asumín entón que debía compartirche co groso do xentío, que che profesa a mesma adoración ca min... Sen espaventos.

E así fomos crecendo, ti nas túas cousas e eu... Tamén nas túas! Sóbranse dedos para contar os días que, en todo este tempo, non che adiquei algunha liña. Porque escribin e escribo para ti, Betanzos!!!! Porque falei e falo para ti, miña Gareliña!!!

Ilustrísimo Señor alcalde, Rexedores desta Cidade dos Cabaleiros. Grazas por permitirme empezar con esta declaración de amor a Betanzos. Pero, sobre todo, grazas por acordaros deste xogar, desta contadora de historias, que é o que son, para pregoar a XV Feira Franca Medieval.

Miñas donas e meus señores. Betanceiros e betanceiras. Artesáns, comerciantes, labregos e labregas, mareantes... mulleres e homes das Mariñas.

Antes de empezar esta viaxe secular, asómome a este balcón de forxa para contarvos o que vós sabedes mellor que eu, o que vós sentides mellor que eu...

Cando caía a noite, mergullaremonos no túnel do tempo e, entre cores e arrecendos doutras épocas, entregaremonos sen complexos ao delirio de dous días e tres lúas.

Cando caía a noite, instalarémonos nun oasis pretérito para asistir fachendosos a demostración do poderío popular dos nosos devanceiros fronte ás hordas mouras.

Porque hoxe, asomada a este miradoiro que se me antolla extraordinario chámovos ao mesmo, á tradición, ao pundonor; chámovos ao pranto desgarrador das cen doncelas, á valentía dos combatentes de Peito Burdelo, á dignidade do fidalgo Alonso de Lanzós e a honestidade do escribán Xoán Branco.



Veiga





Nestes días, botarémonos á rúa con ferreiros, prateiros, sombreiros, ferradores... A Porta da Vila, os arcos das Pontes Nova e Vella, o do Cristo ou do Hórreo verán pasar aos que serán cidadáns á procura de mercadorías de orixes afastadas, de sabores infinitos, como empuxados polos espíritos dos seus devanceiros; os postos de artesanía, os de comida e bebida verán aglomerarse ante os seus mostradores de lenzo e madeira o desacougo da espera e o ardor da festa; Santa María, San Francisco e Santiago deslizarán as súas sombras á tardiña coándose entre o lume dos fachos acesos, e en silencio, o Señor de Andrade abandonará o seu leito pétreo sobre os lombos do oso e o xabarlil para compartir cos betanceiros o fuero de Henrique IV. Unha Feira Franca, libre de impostos, sen alcabalas.

Empeza xa a saber a especias a palabra, empézanse a soñar lanceiros aliñados na penumbra das rúas, óvense gaitas, cornetas e zanfoñas de lonxe... A Moi Nobre, Real e Sempre Leal Cidade dos Cabaleiros retrocede cincocentos anos para atoparse, cara a cara, con califas, bufóns e trovadores, para volver vivir as mesmas revoltas, conquistas e conspiracións que a catapultaron á lenda. Érase unha vez unha cidade do rei, aberta e bienaventurada. Érase unha vez... Betanzos.

Betanceiras, betanceiros... os bocois están a salvo.

Betanceiros, Betanceiras... honra e decoro!

A estas rúas non lle fan falta acicales, nin quilómetros de teas, nin brasóns nin bandeirolas. Só orgullo. O noso orgullo. Non esquecer o que fomos nin o que somos. Presumamos como o fan Mendo e Mandeo, que se deslizan fachendosos para pasar de longo, despois de abrazarnos por sorpresa, deixándonos co mel ---ou a auga- nos beizos.


Ou imos deixar que sexa só un decorado de cartón pedra? Devolvamos á vida ao noso casco histórico,

a este Castro de Untia, porto do Golfo Ártabro que é o que nos diferencia dos demais. Convirtámoslo en obxectivo da nosa batalla. Non necesitamos armas, nin sequera as polas de figueira daqueles que nos deron nome, os cabaleiros que loitaron corpo a corpo cos homes do Califato de Córdoba. A nosa mellor arma é a dignidade.

Betanceiros, Betanceiras. Paisanos e xentes que vindes de outros pagos. Boas vendas. Saúde e viño para todos.

Comede e bebede en paz.

VIVA BETANZOS!!!!



6-29 de xullo de 2012

Puido contemplarse no edificio Liceo a exposición titulada «Betanzos virtual B», da que é autora Ana Fonticoba.

12 de xullo de 2012

O membro do club de piragüismo betanceiro, Carlos Arévalo, logrou dúas medallas no Campionato Europeo Sub-23 celebrado en Montemor o Velho (Portugal).

13-21 de xullo de 2012

Desenrolouse ó longo destes días o *I Festival BetanJazz*, con actuacións na praza da Constitución por parte de Juan Carlos Casal Trío, Roberto Somoza Quinteto, Alfredo Susavila Cuarteto e de Carmen Rey Grupo.

13 de xullo a 12 de agosto de 2013

Ó longo destes días as rúas de Betanzos acolleron as 150 obras participantes na *XIII Bienal Balconadas*, organizada polo Concello. O primeiro premio dotado con 5.000 euros, foi para o artista pontevedrés, Fruela Alonso Blanco. Os dous accésit de 1.000 euros cada un foron para Job Sánchez e Helia Aluai.

13 de xullo

Tivo lugar o acto de reinauguración da ponte de madeira da Ribeira, na que participaron o xerente adxunto da Obra Social de Novagalicia, D. Pedro Otero e o alcalde, D. Ramón García.

21 de xullo de 2012

A Plataforma en Defensa do Mandeo rendeu un homenaxe na beira do río ó que fora presidente da Asociación Ecoloxista O Xanocas, Lino Mantiñán. No acto participaron representantes de distintas entidades betanceiras.

24 de xullo de 2012

Dentro das actividades da VII edición do proxecto «Las huellas de la Barraca», dependente da Sociedad Estatal de Acción Cultural, do Ministerio de Cultura, tivo lugar na praza da Constitución a representación teatral da obra «El bobo del colegio» de Lope de Vega.

28 de xullo de 2012

As primeiras promocións do Instituto Francisco Aguiar de Betanzos celebraron o 60 aniversario do centro educativo cunha homenaxe a dous dos seus profesores, D^a María del Carmen González Madrid e D. Jesús Gil Mosquera. Inauguraron así mesmo, unha Mostra Fotográfica e Documental no edificio Liceo. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García.

27-31 de xullo de 2012

Desenrolouse ó longo destes días a *XII Semana Internacional do Cine de Betanzos*, organizada pola Universidade da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos, a Secretaría de Medios da Xunta de Galicia, o CGAI, supermercados GADIS e o Corte Inglés. Este ano estivo adicada ó cineasta e documentalista madrileño, Pedro Carvajal. Os actos consistiron na proxección de películas, así como encontros de actores, directores e produtores de cine. Participaron este



unpascounafoto.blogspot.com



Xesús Torres





ano, entre outros, Mónica Molina, Dorotea Bárcena, Rosa Álvarez, Mónica Pujalte, Jaime Fernández Cid, Manuel Lourenzo, Vicente de Souza, Eduardo Riestra, Javier Ozores, Alfredo Conde e tamén o homenaxeado, Pedro Carvajal. A dirección do evento correu a cargo de José María Paz Gago.

4 de agosto de 2012

Celebrouse unha xira ós Caneiros baixo o lema «Caneiros en Familia», iniciativa coa que se pretendeu fomentar os valores tradicionais.

4 de agosto de 2012

Na igrexa de San Francisco tivo lugar o concerto «De cando as pedras eran tañidas... Vihuelistas españois do século XVI», por conta do artista Breogán Prego, organizado polo Concello de Betanzos.

4-30 de agosto de 2012

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Diez años después», do pintor coruñés, José Ramón.

11 de agosto de 2012

No edificio do Matadeiro tivo lugar o *VI Torneo San Roque de Xadrez*, organizado polo Club Xadrez Betanzos.

13 de agosto de 2012

No convento de Santo Domingo celebrouse o tradicional *Concerto Cidade de Betanzos*, coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, Coral Polifónica de Betanzos e Banda Municipal de Betanzos.

14 de agosto de 2012

Na praza da Constitución, o alcalde, D. Ramón García, coroou á raíña das festas, a moza brigantina, María Jesús Fernández Martí. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial, tivo lugar a lectura do pregón, que correu a cargo do mestre, escritor e historiador brigantino, D. Xesús Torres Regueiro. Este acto representou o comezo oficial das festas.

Pregón das Festas de San Roque

Exmo. Sr. Alcalde, autoridades, concelleiras e concelleiros, raíña das festas, conveciñas e conveciños, persoas que nos visitades, cidadáns todos:

É para min, como fillo e veciño desta cidade unha grande honra que as súas autoridades me teñan nomeado pregoeiro das festas patronais deste ano. Moitas grazas.

Betanzos, señora do medioevo, raíña esplendorosa das Mariñas, nai amante, terriña meiga de Brigo...



Arume

todo iso e máis na voz dos poetas, estou aquí para dicirche e para dicirlle ao mundo que estás hoxe de festa maior.

Como desexaba o poeta Manuel María na súa «Canción de amor a Betanzos», así desexa este humilde pregoeiro mesturarse na túa esencia viva:

*Quero, Betanzos, collerche o pulso docemente
E que a tua vida me entre a gallope polo sangue
Para deixar en ti a fleve frolo do meu vivir.*

Os que abrimos os nosos ollos asombrados á luz da vida baixo as cores e paisaxes sen igual das Mariñas levámolas impregnadas de por vida nas nosas retinas. E cando estamos lonxe non podemos evitar sentir unha inexplicable sensación de saudade. Por iso entendemos o sentimento dos nosos emigrantes, agravado cando chegan estas datas. Emigración que volve a estar de triste actualidade para a xuventude mellor formada da nosa historia, que ten que percurar traballo e subsistencia lonxe destas terras e deste ceo. Vaia a nosa lembranza, pois, para todos aqueles que quixeran e non poden estar connosco nestas datas festivas.

Se como dixo o poeta Rilke, «a patria do home é a infancia», que é como dicir o lugar onde se criou, sen dúbida é tamén cos ollos da infancia cando se viven e senten as festas dun xeito máis lúdico e máis puro, como xa endexamais as voltaremos ver e sentir. E a esa ollada infantil acodirá a nosa memoria sempre que intentemos rememorar.

O neno que eu era espertaba de mañá coas alboradas do Cafú ou outros gaiteiros mariñáns, dignos sucesores daquel lexendario gaitero Rilo. Logo saía ás rúas na percura das danzas gremiais que os meus ollos miraban abraiadados, seguindo o punteado dos pasos, o rítmico movemento do conxunto e o simulacro de enfrontamento entre guía e contraguía. Pese ás orixes labregas dos meus, máis que da danza de espadas dos labregos gostaba eu de arcos dos mariñeiros, aos que vía no meu barrio da Ribeira a ensaiar á tardiña baixa, vestidos de diario, logo de voltaren do traballo.

Na miña infancia fun criado no amor a Betanzos e dende neno se me ensinou a apreciar a súa beleza e tradicións, os seus monumentos e a súa mítica historia. Ese orgullo san e positivo debemos inculcalo e transmitilo ás novas xeracións. Dende o balcón desta casa común –casa de todos nós–, que señorea a croa deste Castro de Untia, ollamos un conxunto arquitectónico único que se pecha á nosa dereita coa que foi Casa e Banca Núñez, as arcadas do pazo de Bendaña, a igrexa de Santiago e a torre municipal, como símbolo de distintos poderes: o da burguesía comercial, o nobiliario, o eclesial e o veciñal, que sempre ciuoso do seu colocou o seu brasón nesa torre do reloxo que durante séculos



marcou as horas e o devir cidadán, ordenou colleitas, sinalou os tempos festivos e avisou de incendios como os terribes sufridos en 1569 e 1616.

Un conxunto que preside esta casa consistorial, do mesmo tempo que o palacio erguido para o frustrado Arquivo do Reino, coroado polo escudo de Galicia, a lembrarnos que fomos un Reino, frustrado tamén. Unha casa do concello que non era só sede do poder municipal senón tamén da xurisdición e da antiga provincia da que Betanzos foi cabeza cando foron cinco e cando foron sete as provincias do Reino.

Mais aquí, ao noso carón, hai edificios que están en grave perigo de desaparecer, e con eles, unha boa parte da nosa historia medieval. Falo desa Torre de Lanzós, tan desvalida, veciña e fronteira da parroquial de Santiago, que nos fai lembrar a figura

simpática de Alonso de Lanzós, o coudel dos irmandiños. E falo da «desmontada» casa dos Vilousaz, nesa rúa da Cerca que xa perdeu algunha casa brasonada que nunca se debeu perder. Falo, en fin, de todo ese conxunto de casas balconadas, de galerías, de xanelas, de pousadoiros no baixo dos obradoiros artesáns, que conformaron unha urbe única e que hoxe ameazan ruína inminente degradando a súa contorna. Velemos e traballemos para que iso non ocorra.

E para entrar e saír deste cinto, e tamén para decatarmos de que temos unha muralla medieval solapada entre as casas, cruzamos eses tres arcos: o da Ponte Nova, o do Cristo da Ribeira e o da Ponte Vella, sabendo que non hai outra cidade galega que conserve tres portas medievais e nostáxicos pola perdida Porta da Vila, onde se asentaban os escudos (que por sorte conserváronse) da coroa de Castela, de Galicia e de Betanzos a indicar que esta era unha vila de reguengo e non de ningún señor feudal, cidade dende 1465 por privilexio de Henrique IV.

Ao pé do vello castro de Untia xúntanse Mendo e Mandeo que cinguen a cidade nun húmido abrazo que se afrouxa ou aperta co devalo e abalo das marés. Son as arterias polas que circula o líquido precioso que dá vida a estas terras mariñás. Temos a obriga permanente de coidalos e mimalos, protexelos de todas as agresións. O Mendo humilde e o festeiro Mandeo, o río do «longo repouso epilodal das Xunqueiras», no dicir do mestre Otero Pedrayo, antes de entregarse á ría, que foi importante e navegábel en tempos.

Dende o adro do Azogue, logo de empaparnos ben da marabilla en pedra que conforman San Francisco e Santa María, a nosa ollada litinosa descansa no verdor do outeiro e as ladeiras de Tiobre. E xurde como unha chamada ancestral a lembrarnos que as nosas orixes, o Betanzo-lo Vello, están naquel outeiro e alí estiveron ata os comezos do século XIII.

De sempre foi louvada a paisaxe e a fartura de Betanzos e das súas Mariñas. Aló polo 1550 o licenciado Molina na súa «Descripción del Reino de Galicia» fálanos dun Betanzos en esplendor:

«Esta ciudad es de las principales del Reino, do hay gente noble y de calidad; es muy abundante de gentiles riberas con toda suerte de frutas, y bien proveído de todos mantenimientos. Es tierra de mucho vino. Entran en esta ría muchos navíos, y hay aquí el mejor alfolí de sal de todo el Reino...»

Comezando o século XVII Jerónimo del Hoyo describiu a cidade e, aínda que se atopaba pobre tras os graves incendios sufridos, destacaba o ben abastada que estaba, o moito viño e froitos que se collían. Chufaba tamén a riqueza dos ríos e toda a terra *«por do pasan parece un paraíso de flores y frutos que producen»*. E xa a comezos do século XX o economista Peña Novo decía que a nosa era a terra mellor cultivada de Galicia. Todo iso fixo da nosa cidade o centro comercial das Mariñas. As nosas feiras quincenais e os mercados semanais son lembranza do trafego mercantil que dende a Idade Media se ven realizando dos produtos agrícolas e gandeiros da ricaz bisbarra mariñá.

Nas mañás de agosto vése a dozura de vivir a Betanzos, asegurou Álvaro Cunqueiro, e nós non o imos desmentir. Para el era o betanceiro, a betanceira, *«un tipo humano de excepcional consideración*

e calidade, produto dunha fermentación secular de gran finura». E a beleza e gloria da muller betanceira, hoxe aquí ben representada, foi cantada por Díaz Castro que a convocou nos seus sonetos:

*Ven aos meus versos como vas á feira
Cantando e rindo ao vento das Mariñas.*

Conviredes comigo, pois, en que unha paisaxe e unhas xentes tan singulares tiñan que crear tamén unhas festas especiais. Admira en todo o país que unha cidade pequena como a nosa teña unha ducia de días de festas patronais. Unhas festas con dous elementos orixinais e únicos que lles dan unha personalidade propia e inconfundíbel en todo o país galego e aínda fora del: O globo de papel máis grande do mundo, que se saiba, e a romaría dos Caneiros, enalzada por cronistas e poetas e cantada coma ninguén por Uxío Novoneyra.

Festa dionisiaca, festa case veneciana, hoxe grotescamente adulterada. Uns Caneiros que temos que rescatar da necidade ambiental, da ignorancia arroutada que imita o peor doutras celebracións alleas, da desmesura etílica provocada como finalidade per se, para voltalos a un san e lúdico equilibrio no que todas as xeracións poidamos compartir a mesma festa, o mesmo río, a mesma floresta, a mesma maxia perdida.

O globo de San Roque, herdeiro de aerostáticos segredos, perfeccionado por Claudino Pita Pandelo e continuado por fillos e netos, ascende como unha enorme flor luminosa que axiña se converte nun punto de luz na escuridade da noite. Aínda nesta época de naves espaciais e satélites artificiais, o asombro do globo segue vivo e prende nos milleiros de persoas que o admiramos na noite máxica do dezasés de agosto. Con el ascenden –ou quizais grazas ao impulso deles– os anceios das miles de almas que o contemplamos.

Nestes tempos é preciso voltar a romper unha lanza pola lingua, a nosa lingua que ensinou a cantar a toda a Península e que hoxe se atopa desasistida por decisións políticas e en perigo de continuidade por falla de transmisión xeracional. Nais e pais, non privedes aos vossos fillos desa riqueza. Transmitídelles a lingua galega os que a posuídes ou pedide que lla adeprendan. Cando Galiza e Betanzos foron máis importantes na historia foi cando o galego era idioma de uso xeral, como testemuñan xa non os documentos e as cantigas dos nosos troveiros, senón as inscricións na pedra que resistiron o tempo nesa alfaia de San Francisco, onde ata o sarteiro de Andrade «o Bó», propio dun emperador, explícalle en galego á eternidade quen é o que alí dorme o sono de pedra.

«O povo é quem máis ordena», díxonos en canzón aquel cantor solidario que foi o Zeca Afonso, e o pobo unido terá que reaxir axiña e sobrepoñerse ás manobras e latrocinio de banqueiros, usureiros e especuladores internacionais para salvagardar o benestar da maioría social e das xeracións vindeiras que nacerán xa hipotecadas. Para defender dereitos básicos adquiridos pola loita de varias xeracións e que hoxe están en perigo de desaparecer por mor de políticas que se revelan erradas e inxustas.

Mais fagamos unha paradiña na loita, na protesta indignada e na reivindicación necesaria. Agora é tempo de festa... e á festa quero convocar a propios e alleos cos versos daquel tamén gran pintor, Urbano Lugrís nomeado:

*¡Vinde comigo, amigos, a Betanzos
dos Cabaleiros! Vinde agora, amigos,
no bó tempo do vran, en que as bandeiras
do sol máis xogorales tremecen
no glorioso azul [...]*

Dende o andazo de peste do ano 1416 –imos camiño do sexto centenario– estamos os betanceiros encomendados a San Roque e témolo por padroeiro. Dende entón tivo, humilde e todo, casa de seu no Campo da Feira, ata ser despouído dela e realoxado na igrexa dominica, casa que, anque máis grande e suntuosa, non é a súa propia. E xa antes, cedera San Roque parte do seu padroado, compartido dende hai máis de medio século coa Señora do Azogue. Mais Roque o peregrino foi santo humilde que renunciara en vida a propiedades e protagonismos e non se ía molestar por eses desmedros.

Alguén dixo que San Roque é o santo máis galego de todos. E algo de razón ten. Porque se ben o santo peregrino de Montpellier non é galego de nación, asentouse o seu culto tan ben entre nós que quizáis sexa un dos santos que máis capelas teña dedicadas por Galiza adiante. Popularidade extensiva ao animalíño que o acompaña, porque «*O que a San Roquiño quer, quer ao can que ten ao pé*». Quizais por iso a copla popular di:

*«Por dicir viva San Roque
Prenderon a meu irmán.
Agora que o ceibaron:
Viva San Roque e o can!»*

Betanceiras e betanceiros:

Demos comezo xa ás nosas festas patronais. Preparemos e dispoñamos o corpo e o espírito para unha ducia de días de solda e ruada, de gratas emocións e de expansións ledas.

Viva San Roque! (e o can)

Viva Betanzos!



Arume

14 de agosto de 2012

Fixose entrega dos premios *Garelos 2012*: En Educación e Cultura, ó Colexio de Educación Infantil e Primaria Francisco Vales Villamarín; en Deporte ós piragüistas, Manuel Mosquera e Carlos Arévalo; en Industria, Comercio e Creatividade, á Asociación de Empresarios e Comerciantes de Betanzos (ACEBE).

15 de agosto de 2012

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Carmen Díaz Amor, que recibiu a coroa de mans do alcalde, D. Ramón García. Seguidamente o mozo, Alberto Fraga Seoane, deu lectura ó pregón infantil.



Fersal



LA COPATRONA DE BETANZOS: SANTA MARÍA DEL AZOGUE

La ciudad de Betanzos tiene, desde 1416 por Patrón a San Roque. Su fiesta es el 16 de agosto y como Copatrona, desde 1954, a Santa María del Azogue; su fiesta es la víspera, el 15 de agosto.

La Virgen está situada en el magno retablo del altar mayor del templo de Santa María del Azogue y durante el año está vestida sencillamente. El traje y manto que luce la Virgen durante su fiesta, debido al paso del tiempo, estaba muy deteriorado; las camareras que cuidan esta imagen llevaban tiempo pensando que hacer para que estuviesen en dignas condiciones; la dificultad con que se encontraban era el coste que suponía, ya que había que hacer traje para la Virgen y el Niño y manto para la Virgen; el desembolso era muy alto y el dinero con el que se podría contar era escaso.

Ahora la Virgen tiene nuevas vestiduras. De bien nacidos es ser agradecidos, y así una familia, de honda raigambre brigantina, enterada de esta situación se ofreció a costear todos los gastos ocasionados. Para ello se enviaron a Madrid, a un taller especializado en arte sacro para que, aprovechando los valiosos bordados que poseía, se hiciera el traslado a unas nuevas telas.

Así ha sucedido y después de un excelente trabajo, llegan a Betanzos el 10 de mayo, fiesta de San Juan de Ávila, patrono de los sacerdotes; en Santa María están el párroco D. Manuel Rodríguez Rodríguez, Carmen Couce Pico y su esposo Pedro Santos Maseda, la Hermana Franciscana Misionera de María M^a Asunción Leal Otero y las feligresas M^a Pilar Babío Rodríguez y Mercedes Morandeyra Fajardo de Andrade.

Estos ropajes se bendijeron e impusieron en la solemne Misa de la fiesta de la Virgen el 15 de Agosto, cantada por la Coral Polifónica de Betanzos. En la bendición se rezó: «Te pedimos que tus fieles, que ofrecen con devoción este vestido para la imagen de la Virgen Santísima, gocen siempre de tu protección y graben en su corazón la imagen que contemplan sus ojos. Que tengan una fe inquebrantable, una firme esperanza así como una caridad diligente y una sincera humildad; para que después de recorrer los caminos de este mundo en el amor a Ti y a los hermanos, lleguen a la ciudad permanente, donde la Virgen intercede como Madre y resplandece como Reina.»

Esta Celebración Eucarística estuvo presidida por el sacerdote betanceiro D. Casimiro Fernández Núñez, párroco de Mugardos en donde celebró sus Bodas de Plata Sacerdotales en marzo, ya que fue ordenado sacerdote en dicho mes de 1.987; le acompañaban nuestro párroco D. Manuel Rodríguez Rodríguez, el brigantino D. Manuel Ares Faraldo, el sacerdote jubilado de la diócesis de Astorga D. Miguel Martínez Fernández y el párroco de Paderne D. Mario Cotelo Felípez. A esta Misa asiste la Corporación Municipal presidida por su alcalde D. José Ramón García Vázquez. Al finalizar la misma, como es costumbre, se fue en procesión, llevando a la Virgen y a San Roque, portados por los componentes de la multiseccular «Danza de los Marineros» al templo de Santo Domingo, acompañados de las autoridades locales y numerosas personas.

Mercedes Morandeyra Fajardo de Andrade



Arume

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque:

Cumprindo unha tradición secular, estou hoxe diante de Ti, neste día tan sinalado, para ofrecerche, no nome do pobo de Betanzos, eterno agradecemento e tamén para pedirche, unha vez máis, que nos axudes neste difícil camiño.

Son tempos escuros, tormentosos, cheos de malos augurios, tempos que nos están poñendo a proba. De pronto, agroman todos os nosos erros do pasado, pero tamén nos golpean forzas aínda maiores que non sabemos ben de onde veñen nin por que actúan contra nós. Como no mundo antigo, semella que un monstro terrible e xusticeiro decidiu que era hora do castigo. E así como nese tempo dos mitos sempre aparecía un heroe que salvaba á xente, hoxe, con escasas forzas e sen saber ben que camiño



coller, che pedimos que nos axudes a atopar a forza que precisamos para saír vitoriosos. Unha forza que debe empezar por marchar unidos como irmáns e non enfrontados como tantas veces no pasado. Como todos os seres vivos deste planeta, a humanidade ten o obxectivo de medrar e de multiplicarse, pero chegou o momento en que a Terra se resinte gravemente desta expansión e do que ela leva consigo. Por iso quizais xa deixe de ter sentido o crecemento sen freo e hai que procurar novos modelos de vida que sexan respectuosos cos demais seres vivos e co planeta todo: soamente así poderemos sobrevivir en espera de dar o seguinte salto ás estrelas. Pero lograr semellante cambio non será doado, porque estamos afeitos a telo todo sen preguntarnos polas consecuencias, a procurar o que cremos necesitar, a calquera custo. A humanidade ten que reencontrarse, os pobos todos teñen que unirse e a partir de aí será posible a esperanza de verdade.

As crises teñen un compoñente tráxico de pobreza, desesperación e morte, como tantas veces ocorreu na nosa historia, pero tamén son ocasións para endereitar o rumbo, para inventar outro futuro posible entre todos, e ese é o soño que debemos perseguir.

Con proxectos sostibles e co conseguente traballo, con liberdade e con xustiza, os betanceiros, e outros pobos do mundo que sofren aínda máis que nós, poderemos atopar esa luz, ese porvir.

Mentres tanto, nós cremos que hai cousas das nosas tradicións que nos axudarán nese camiño e unha delas é esta Función do Voto que diante de Ti, Señor San Roque, moitos outros alcaldes e corredores desta antiga cidade che levan ofrecendo ano tras ano desde hai séculos. Que sexa, pois, esta ocasión, esta festa grande anual, un punto de partida para renovarnos todos e para axudarnos aínda máis, uns a outros, neste trance difícil.

Non nos esquezamos tampouco dos máis desfavorecidos de todos nós, sexan de aquí ou de acolá, porque todos somos habitantes do mesmo barco, da mesma «patera» cósmica. Pensemos nos numerosos emigrantes galegos que desde centos de anos, e mesmo milleiros, colleron todos os camiños do planeta. Moitos deles, os seus fillos e os seus netos, aínda levan a Galicia e, no noso caso, a Betanzos no corazón e sei ben que hoxe estarán con nós na distancia. Pois ben, tanto a eles como ós que estamos hoxe aquí, tanto ós que lles vai ben como ós que teñen problemas, hoxe quero mandarlles una forte e agarimosa aperta.

Axúdanos, señor San Roque, como símbolo de unión que es, a atopar o camiño axeitado, a ilusión e a esperanza e que o optimismo retorne aos nosos corazóns.

Pídoche, señor San Roque, que, como xa fíxeches noutras ocasións, nos axudes neste difícil traxecto que estamos a vivir a manternos firmes e en alerta para que a situación actual teña o menor impacto posible no noso pobo, para que a nosa tarefa diaria e a de todos, nos permita amortiguar na medida do posible as consecuencias da actual coyuntura económica e laboral, e para que todos, cada un desde a súa responsabilidade, adoptemos as medidas necesarias para intentar revertir esta situación.

José Ramón García Vázquez (Alcalde).

16 de agosto de 2012

Ás doce da noite, diante dun numeroso público, ascendeu ós ceos o Globo de San Roque que realizou a familia Pita.

17-30 de agosto de 2012

Nos balcóns do entorno da praza da Constitución tivo lugar a exposición fotográfica de Xacobe Meléndrez, titulada «Berros no roncar das ondas», organizada polo Consorcio *As Mariñas* e o Concello de Betanzos.

18 e 25 de agosto de 2012

Como é tradicional foron moitas as persoas que subiron río arriba polo Mandeo cara o campo dos Caneiros. Houbo gran cantidade de lanchas engalanadas e, como vén sendo habitual, contouse cun importante dispositivo de seguridade.

22 de agosto de 2012

O Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC), representado por D. Jesús Núñez, asinou un convenio coa Deputación Provincial, representada pola súa vicepresidenta, D^a María Dolores Faraldo, polo que a entidade provincial contribuíu con 100.000 euros para o desenrolo e programación das actividades do centro.

1-16 de setembro de 2012

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Ronquidos + trapiés», da que é autor o pintor de Coirós, Jorge Pardo Ruzo.

8 de setembro de 2012

Celebrouse a tradicional romería dos Remedios no barrio da Ponte Vella, que congregou, como vén sendo habitual, a numerosas persoas da comarca.

17-30 de setembro de 2012

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Atmósfera», da pintora de Ponte do Porto, María Luisa Novais.

14 de setembro de 2012

Na praza da Constitución tivo lugar a proxección do filme Vilamor, dentro do programa de dinamización lingüística *Redecinema*, da Rede de Dinamización Lingüística que realizou a Deputación da Coruña.

21 de setembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo presentouse o n^o 34 do Anuario Brigantino. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García, a quen acompañaba o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz e o director da publicación, D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo de D. Jaime Lafora, descendente de D. Juan García Naveira.



César



Arume



Arume



27 de setembro de 2012

Celebráronse no edificio Liceo parte dos actos da *Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo*, organizadas pola Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos e por Fragas do Mandeo.

4 de outubro de 2012

Presentouse na Fundación CIEC o libro «Ricardo Núñez. O emperador da simpatía» do que é autor Manuel Curiel Fernández.

4 de outubro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto do *Cuarteto Mandolín Quartet Seasons* de Bulgaria, dentro do XXIII Festival Internacional de Música de Pulso y Púa «Ciudad de Cristal» que organiza a Agrupación Musical Albeniz, coa colaboración do Concello de Betanzos.



César

5-14 de outubro de 2012

Veuse desenrolando ó longo destes días a *II Semana da Tortilla de Betanzos*, organizada polo Concello coa participación dos hosteleiros da cidade. O premio para a mellor tortilla foi para Mesón O Pote.

8-10 de outubro de 2012

Desenvolveuse no edificio Liceo o *VIII Festival Internacional de Títeres Consorcio das Mariñas* (Galicreques 2012), no que participaron os seguintes grupos: *Pizzicatto Teatro* (Arxentina), *Banda Espuma* (Arxentina) e *Títeres Cachirulo* (Galicia).

12-14 de outubro de 2012

Celebrouse na praza do Campo a Feira de Oportunidades do Comercio de Betanzos (Mercabetanzos), organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE) coa colaboración do Concello.

15-28 de outubro de 2012

Ó longo destes días celebrouse o Memorial Carlos



Veiga

López García-Picos, que organizou o concello de Betanzos, e que deu comezo cunha Mostra Documental no edificio Liceo. O acto de inauguración estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García e a presentación da mostra correu a cargo do pianista e autor do libro, Catálogo de Carlos López, D. Javier Ares Espiño. O memorial completouse con dous concertos con música do homenaxeado: un do grupo *Dúo Scaramouche* e outro de *Zoar Ensemble*.

16-17 de outubro de 2012

Ó longo destes días sufríronse inundacións na zona da Ribeira, motivadas polas fortes choivas e as mareas vivas.

19 de outubro de 2012

Celebrouse a Vendima Infantil, na que participaron alumnos dos colexios Vales Villamarín e Atocha, organizada por *Viña Ártabra* e o Concello de Betanzos.

21 de outubro de 2012

Celebráronse as Eleccións Autonómicas Galegas. En Betanzos a forza máis votada foi o PP con 3.264 votos (46,68%), seguido do PS de G-PSOE



César

con 1.518 (21,71%), de AGE con 1.070 (15,3%), do BNG con 497 (7,11%) e doutras forzas con 426 (6,09%). En branco 217 (3,01%) e a abstención foi do 34,72%.

27 de outubro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura e organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC, tivo lugar a representación teatral da obra *Un corazón perfecto* interpretada pola compañía *Teterella Teatro*.

Outubro de 2012

Neste mes leváronse a cabo traballos de acondicionamento da fachada da igrexa de santo Domingo. As obras foron realizadas por un convenio coa Deputación Provincial.

Novembro de 2012

Neste mes presentouse na Universidade da Coruña unha tese moi importante para a historia de Betanzos, titulada: «Transformaciones históricas en el convento de San Francisco de Betanzos. Siglos XIV al XX», da que é autora a arquitecta e colaboradora do Anuario Brigantino, Marta Colón Alonso.

2 de novembro de 2012

No edificio Liceo inaugurouse a exposición «Ondas da irmandade II», organizada pola Deputación da Coruña en colaboración coa Consellería do Medio Rural e do Mar. No acto contouse coa actuación do grupo Faltriqueira.

3 de novembro de 2012

No cine Alfonso tivo lugar unha conferencia de José Verdes, «Oscar», sobre a efervescencia cultural dos anos sesenta en Betanzos.

8 de novembro de 2012

A delegada territorial da Xunta de Galicia, D^a Camino Triguero e o alcalde, D. Ramón García, asinaron un convenio polo que o ente autonómico a través da Consellería da Presidencia, destinou 10.000 euros para melloras no parque Pablo Iglesias.

8-12 de novembro de 2012

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición itinerante «Galicia biodiversidade», organizada pola Consellería de Medio Rural e do Mar.

10 de novembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *Snakizados*, interpretada pola compañía *Ancora Produccións*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

12 de novembro de 2012

Celebrouse o centenario da fundación do Asilo García Irmáns cun acto relixioso no que participou o arcebispo, D. Julián Barrio e varios sacerdotes da comarca. Estiveron presentes, a conselleira de Asuntos Sociais en funcións, D^a Beatriz Mato; a vicepresidenta da Deputación, D^a María Dolores Faraldo, o alcalde, D. Ramón García, D. Jaime Lafora en representación da familia dos fundadores, así como varios concelleiros.

18 de novembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra gañadora do *XV premio de teatro Rafael Dieste*, que organizou a Deputación da Coruña, titulada «A función do tequila» por conta da compañía *Teatro do Morcego*.

23 de novembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra titulada «Melocotón en almíbar» por conta da compañía *Teatro Artesán*.



César



Artume



30 de novembro de 2012

Presentouse no edificio Liceo o libro «Cando Artur non era Rei», da autoría de Xabier López, e que publicou a editorial Galaxia.


30 de novembro a 9 de decembro de 2012

Desenrolouse ó longo destes días a *II Semana do Pincho*, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros.

Nela participaron dezasete establecementos, sendo elixido como mellor pincho o de Adegas Lastras.

Decembro de 2012

Celebrouse nos fins de semana deste mes no cantón de Claudino Pita o Mercado de Nadal.



César



César

1 de decembro de 2012

Como ven sendo tradicional, os betanceiros que cumpriron o medio século reuníronse para celebrar o acontecemento.

1 de decembro de 2012

No edificio Liceo tiveron lugar os encontros dixitais «Os axóuxeres», cinema para nenos, con música, xogos e palabras. Este programa forma parte da Rede de Dinamización Lingüística da Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración co Concello de Betanzos.

1 de decembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *O fútbol, é así*, interpretada pola *Compañía Obras Públicas*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

1-16 de decembro de 2012

Na Sala de Exposicións do edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada *O último que peche a porta*, do artista de Cesuras, Juan Naveira Vázquez.



César

5 de decembro de 2012

Os alumnos do IES AS Mariñas, Miguel Pérez Purriños, Antonio López Lence e Adrián Suárez Parafita, acadaron medallas de ouro no Campionato Galego de Formación Profesional *Galicia Skills*. Foron homenaxeados no edificio Liceo polos alcaldes de Cesuras, D. Julián Lucas, de Paderne, D. César Longo e de Betanzos, D. Ramón García.



5 de decembro de 2012

Na cafetería Lanzós presentouse o libro *Verdades*, un poemario para nenos da autoría de Yolanda Castaño e ilustrado por Xosé Tomás, da editorial *Biblos*. O acto foi presentado polo escritor e editor de Biblos, Tucho Calvo.

7 de decembro de 2012

Inauguráronse por parte da Concellería de Turismo as Rutas Guiadas polo Casco Histórico, co obxectivo de dar a coñecer a historia e curiosidades que alberga a nosa cidade.

8 de decembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o festival benéfico «Xuntos por Lola», no que participaron diversos grupos folclóricos da comarca.

10 de decembro de 2012

Faleceu na República Dominicana o xesuíta betanceiro, D. Santiago de la Fuente, quen foi investigador, teólogo e docente universitario. Fundador do Seminario de Estudios Mariñáns. Exerceu como docente en Santo Domingo, nunha primeira etapa no 1963 e posteriormente, e xa definitivamente, a partir de 1988. Foi alí onde elaborou a primeira xeografía da República Dominicana. No libro «Se buscan realizadores para una Dominicana Mejor» recóllense unha compilación de artigos. Véxanse dous traballos sobre a súa obra neste Anuario Brigantino. Quede aquí manifestado o noso eterno agarimo e agradecemento.



Erias

10-17 de decembro de 2012

No edificio Liceo tivo lugar a exposición e mercadiño de labores e traballos realizados ó longo do ano polas residentes do Centro Pai Menni de Betanzos.

11 de decembro de 2012

Comemorouse na Aula de Cultura o Día dos Dereitos da Infancia cun Pleno Infantil no que participaron alumnos dos colexios de Atocha e Vales Villamarín. Organizou: Concello, colaborando con Unicef España.

14 de decembro de 2012

Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o belén móbil que dirixe D. Manuel López Castro, situado no 2.º andar do edificio Liceo. Este ano foron novidade catro novas escenificacións e varias pezas, nun conxunto de arredor de 170 metros de superficie e onde son de destacar moitos elementos alusivos a Betanzos.



Partiente

15 de decembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Babs», interpretada pola compañía *Baobab Teatro*, no IV Ciclo de Teatro en Familia organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



Arume

15 de decembro de 2012

Na Igrexa de San Francisco celebrouse un festival benéfico organizado polo *Rotary Club* de Betanzos, no que participaron a Banda Municipal de Música, a Coral Polifónica, a *Trova* Coruñesa, o Grupo de Gaitas *Os Brigantinos* e a Agrupación Cultural Santo Domingo *As Garelas*.

19 de decembro de 2012

No edificio Liceo tivo lugar a inauguración da exposición «Sonos de esencia de café ao óleo III», da que é autor o artista Tino Poza, por conta do editor e poeta Miguel Anxo Fernán-Vello e director do Anuario Brigantino, Alfredo Erias.



21 de decembro de 2012

Por iniciativa da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE) e co patrocinio da Deputación Provincial, inaugurouse neste día unha pista de xeo na praza do Campo, que alegrou, sobre todo ós máis pequenos que puideron disfrutar dela ó longo das navidades.

21 de decembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un festival benéfico organizado pola Escola de Danza Danzarte en favor da ONG Manos Unidas de Betanzos.

22 de decembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra «Nuncabunga» interpretada pola compañía *Elefante Elegante*, no *IV Ciclo de Teatro en Familia* organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

23 de decembro de 2012

Celebrouse no río Mandeo a *Regata Popular de Piragüismo Nadal 2012*, organizada polo Club Náutico Ría de Betanzos-Piragüismo.

23 de decembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o espectáculo «Chosco Voando!» por parte da compañía *Circo Chosco*, organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

28 de decembro de 2012

Dentro do programa de festexos de Nadal organizado polo Concello, celebrouse na Aula Municipal de Cultura un concerto de Nadal por conta da Orquestra Titular Albéniz co Grupo de Voces Mixtas Millenium.



César

29 de decembro de 2012

Desenrolouse no edificio do Matadeiro o trofeo de xadrez organizado polo club de xadrez de Betanzos.

29 de decembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *A verdadeira historia da cigarra e a formiga* interpretada pola compañía Teatro del Andamio, no *IV Ciclo de Teatro en Familia*, organizado polo

Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

30 de decembro de 2012

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a actuación de maxia co espectáculo «A Maxia de Cayetano Lledó», interpretada pola compañía *Cayetano Lledó*, organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



Decembro de 2012

Todo este mes e parte do de xaneiro de 2013 desenvolveuse o programa de festexos de Nadal organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Diego e Hugo Muiño alumnos do colexio Nosa Señora do Carne Grande Obra de Atocha, que resultaron gañadores do concurso de carteis de Nadal do Concello.





JESUS NUÑEZ. Serie Salmanticense IV. Pintura. Acrilico y óleo, 2008.



JESUS NUÑEZ. Serie Salmanticense IV. Pintura. Acrílico y óleo, 2008.

NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores

Engadírase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadírase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resúmen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas

Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Míguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificálas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese pónese só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis pónese só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordenáanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOW, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique*. Lund: Carl Bloms (Cynetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indicarase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluírase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursiva*, como en cifras arábicas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indicarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo:

<<http://hemeroteca.betanzos.net>> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.



JESUS NUÑEZ. Serie Salmanticense IV. Pintura. Acrílico y óleo, 2008.



JESUS NUNEZ. Serie Salmanticense IV. Pintura. Acrilico y óleo, 2008.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2012, Nº 35
REMAHOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE
2013



JESUS NUÑEZ. Serie Salmanticense IV. Pintura. Acrílico y óleo, 2008.